

# RESUMO DE CONTIDOS

## Revolución! Noticias dun novo mundo

Xeografía e Historia |  
3º ESO



## Índice

|                                                       |    |
|-------------------------------------------------------|----|
| 1. Un século máis equilibrado.....                    | 2  |
| 2. O fin dunha Era.....                               | 3  |
| 3. Súditos ou cidadáns?.....                          | 7  |
| A Independencia das colonias americanas.....          | 8  |
| A Revolución Francesa.....                            | 9  |
| Como cambiou o mundo despois destas Revolucións?..... | 11 |
| 4. Chega a industrialización?.....                    | 12 |

## 1. Un século máis equilibrado

Despois da guerra de Sucesión española, en Europa implantouse un sistema baseado no equilibrio de poder entre os diferentes Estados. Gran Bretaña consolidou o seu dominio marítimo coa súa potente armada, enfrontándose ás frotas de Francia, España e Países Baixos. O obxectivo era asegurar o control das principais rutas comerciais.

Ese equilibrio non conseguiu impedir as rivalidades nin os enfrontamentos no continente, especialmente co ascenso de novas potencias como Rusia e Prusia. Mentres, outras potencias, como o Imperio otomán, iniciaban un período de decadencia.

**A nivel político:** A comezos do século XVIII, o modelo político predominante en Europa era a monarquía absoluta. Malia seren minoritarios, tamén había outros réximes, como a monarquía parlamentaria e constitucional de Gran Bretaña, coa unificación de Inglaterra e Escocia en 1707. Os seus monarcas foron cedendo progresivamente o poder lexislativo ao Parlamento e poder executivo a unha figura cada vez máis relevante: o primeiro ministro.

Formáronse dúas grandes correntes políticas no seo do Parlamento británico:

- Os *tories*, de carácter conservador, defendían o fortalecemento da autoridade do rei e contaban co respaldo dos grandes propietarios de terras e do clero anglicano.
- Os *whigs* ou liberais que representaban a burguesía e aos sectores urbanos.

En Francia, os monarcas fundamentaban a súa autoridade na idea de que foran designados por Deus para gobernar o seu pobo, acumulando o poder.

A agricultura seguía sendo a principal riqueza, pero o capitalismo comercial trouxo cambios importantes:

- O campo aumentou a súa produtividade e os seus rendementos grazas á incorporación de novos cultivos, á rotación e ás melloras técnicas.
- O comercio interior viuse favorecido pola modernización das vías de comunicación, a apertura de novos camiños. O comercio exterior expandiuse grazas ao progreso do transporte marítimo e á apertura de mercados coloniais.
- A produción artesanal tamén medrou debido ao incremento da demanda e ao impulso das monarquías absolutas.

A finais do século XVIII, en **Gran Bretaña** comezou a empregarse a máquina de vapor nas manufacturas téxtiles. Este feito marcou o inicio da **Revolución Industrial**.

## 2. O fin dunha Era.

### Trocamos uns cromos?

A dinastía dos Habsburgo ou Austrias chega ao seu fin na persoa de Carlos II de España no final do século XVII. Reinou entre 1665 e 1700, tras a morte do seu pai Filipe IV, herdando o trono e as consecuencias da fin do seu reinado.

A Monarquía Hispánica, en alianza coa Casa de Austria, participou na Guerra dos Trinta Anos, un conflito europeo do que saíu moi prexudicada. En 1648, coa Paz de Westfalia, España recoñeceu a independencia das Provincias Unidas. Isto foi un golpe para o poder español que perdía un territorio clave no dominio europeo. Paralelamente a eses conflitos, Cataluña e Portugal buscaron a súa independencia da monarquía católica, xunto con todos os territorios de ultramar.

Produciuse un cambio no equilibrio de poder en Europa, agora será Francia o reino dominante europeo. A coroa española perdeu territorios fronte a Francia tras a Paz dos Pireneos, quedando a fronteira entre España e Francia na liña dos Pireneos.

Ao non ter descendencia, Carlos II fixo testamento pouco antes de morrer. Nomeou como herdeiro a Filipe V, neto do rei francés Lois XIV. As restantes potencias europeas temían que Francia e España unísense baixo a mesma dinastía, o que provocaría un desequilibrio de forzas no continente. Isto foi a causa principal que provocou a Guerra de Sucesión Española, entre 1700 e 1714. Ao fin da Guerra, Filipe V foi recoñecido como rei, a cambio da perda dos territorios en Europa quedando reducidos os seus dominios á Península, salvo Xibraltar, e os territorios americanos e asiáticos. Dese xeito comezou unha nova etapa: a dinastía dos Borbóns.

### Novo rei, novas leis

Os Decretos de Nova Planta foron un conxunto de leis aprobadas por Filipe V entre 1707 e 1716, tras a súa vitoria na Guerra de Sucesión Española. Estes decretos supuxeron o inicio dun modelo de Estado máis centralizado e uniforme.

Durante a guerra, os territorios da antiga Coroa de Aragón apoiaran o arquiduque Carlos de Austria, rival de Filipe V. Cando este se consolidou como rei, decidiu castigar estes territorios pola súa oposición, suprimindo os seus foros, é dicir, os seus privilexios e leis propias, así como as súas institucións políticas tradicionais, como as Cortes e os órganos de goberno.

Coa dinastía dos Austrias, a institución funcionaba como unha monarquía composta ou sinodal: cada territorio conservaba as súas leis, costumes e institucións, aínda que todos obedecían o mesmo rei. Cos Decretos de Nova Planta, este modelo desapareceu. Filipe V implantou as leis de Castela en case todo o territorio e reforzou a autoridade real, seguindo o modelo centralista e absolutista francés. Creáronse novas institucións, como as

capitanías xerais e as audiencias, que dependían directamente do rei. Estableceuse o uso do castelán como lingua da administración, especialmente nos territorios da antiga Coroa de Aragón.

Estas reformas suprimiron os foros e as institucións propias dos territorios da antiga Coroa de Aragón, como castigo ao seu apoio a Carlos de Austria.

## Vello mundo, vella sociedade

Durante o século XVIII produciuse un gran crecemento demográfico tanto en Europa como en América, relacionado coa mellora da alimentación, a redución de epidemias e unha maior estabilidade política.

Seguía vixente o modelo estamental do Antigo Réxime, que dividía a poboación en grupos pechados con dereitos e obrigas diferentes, estruturada en tres estamentos:

- A **nobreza**, formada por aristócratas e nobres privilexiados. Perdeu parte do seu poder político e xudicial debido ao fortalecemento das monarquías absolutas.
- O **clero** gozaba de grandes privilexios e cobraba o décimo, un imposto relixioso.
- O **terceiro estado** agrupaba a maior parte da poboación. Comprendía aos non privilexiados: a burguesía, as clases populares urbanas e o campesiñado.

Nas cidades, as clases populares medraron debido ao aumento demográfico e ás migracións desde o campo. Os salarios eran baixos e as condicións de vida duras, con vivendas insalubres e escasa hixiene. En épocas de malas colleitas, producíanse revoltas e motíns populares, coñecidos como motíns de subsistencia.

Durante o século XVIII comezaron a difundirse as ideas da Ilustración, defendidas por pensadores como Voltaire ou Jean-Jacques Rousseau, que criticaban os privilexios estamentais e defendían a igualdade xurídica e a liberdade.

A burguesía converteuse nun grupo social en ascenso. Entre os seus membros atopábanse comerciantes, banqueiros, avogados, médicos, científicos e intelectuais. A pesar do seu crecente poder económico, non participaban nas decisións políticas, e levou á burguesía a reclamar reformas políticas, representación e igualdade legal.

## Uns parentes de Francia

Filipe de Anjou era sobriño-neto de Carlos II (é dicir, neto da súa irmá). Este parentesco explicaba os seus dereitos dinásticos ao trono español cando Carlos II morreu en 1700.

Unha vez no poder, Filipe impulsou unha profunda reforma do Estado. Seguindo o modelo francés, implantou un modelo centralista, que pretendía reforzar a autoridade real e unificar o funcionamento da administración. O obxectivo era eliminar a diversidade de leis, institucións e privilexios que existían nos distintos reinos desde a época dos Austrias.

## Unha reforma profunda! De rei en rei

Iniciase un período de reformas baseadas no despotismo ilustrado, co obxectivo de fortalecer o poder real e mellorar o benestar dos súbditos sen modificar o modelo estamental.

### **Filipe V**

Este monarca tiña un temperamento inestable e unha personalidade influenciábel. Nos últimos anos do seu reinado estivo condicionado pola súa segunda esposa, Isabel de Farnese, que buscaba asegurar territorios italianos para os seus fillos.

En política exterior, Filipe V centrouse fundamentalmente en dous grandes obxectivos:

- Recuperar os territorios europeos que España perdera tras a Guerra de Sucesión Española e que quedaron cedidos nos tratados de Utrecht (1713) e Rastatt (1714).
- Manter e defender o extenso imperio colonial americano, para iso España aliouse con Francia a través dos chamados Pactos de Familia.

Na política interior:

- Implántanse os Decretos de Nova Planta, que reforzaron a centralización do poder.
- Divídese o territorio en intendencias e capitanías xerais.
- Modernízase o exército, fundando academias militares e construíndo novos barcos.
- Introdúcese a lei sálica, en 1713 e que daba preferencia aos varóns na sucesión.

### **Fernando VI**

O reinado de Fernando VI de España (1746-1759) caracterizouse por ser unha etapa de estabilidade e paz exterior. Apostou por unha política de neutralidade que permitiu dedicar máis recursos e atención ás reformas internas do Estado iniciadas polo seu pai, Filipe V.

Continúa coa política do regalismo, é dicir, coa defensa da autoridade do monarca fronte ao poder do papado nos asuntos relixiosos, reforzando o control da Coroa sobre a Igrexa.

Un dos feitos máis destacados desta etapa foi a elaboración do Catastro de Ensenada, cuxo obxectivo era reformar o sistema fiscal, substituíndo a complexa variedade de impostos existentes por unha única contribución proporcional á riqueza de cada territorio.

### **Carlos III**

En 1759 accedeu ao trono Carlos III, que gobernaba como rei de Nápoles e Sicilia desde 1734. A súa experiencia política influíu no seu estilo de goberno, representando o despotismo ilustrado na monarquía española, impulsando reformas para modernizar o país e mellorar a economía, a administración e as condicións de vida da poboación.

Rodeouse dun grupo de ministros reformistas e ilustrados, que promoveron grandes cambios: fomentaron a agricultura, impulsaron o comercio, favoreceron a creación de manufacturas, reduciron o poder da Igrexa e modernizaron a educación. Algunhas destas reformas provocaron oposición e malestar popular, como o Motín de Esquilache (1766).

No ámbito internacional, o monarca tivo como obxectivos principais recuperar o prestixio perdido por España tras a Guerra de Sucesión e os tratados de Utrecht e defender e reorganizar o imperio americano fronte á crecente ameaza británica. Aínda que España sufriu derrotas, finalmente conseguiu recuperar Menorca no Tratado de París de 1763.

## A crise do sistema. O reinado de Carlos IV

En 1788 subiu ao trono Carlos, sucedendo o seu pai, Carlos III. O seu reinado coincidirá cun período de grandes dificultades que marcaron o inicio da crise do Antigo Réxime.

### Crises internas

- **Problemas económicos e financeiros.** A situación de guerra constante, contra Francia, os elevados gastos militares, as débedas do reinado do seu pai, a inflación e o déficit das contas do Estado levaron a España ao borde da bancarrota.
- **Epidemias e malas colleitas.** Entre os anos 1804 e 1809 a poboación viuse afectada por epidemias e malas colleitas que xeraron crises de subsistencia.
- **Malestar social.** A combinación de inflación, a carestía e a precariedade laboral deteriorou o nivel de vida das clases populares, provocando insatisfacción e tensións.

### Crises externas

- **Impacto da Revolución francesa.** O estoupido da Revolución (1789) provocou temor entre as elites e a monarquía española. Prohibiuse a entrada de libros e de periódicos estranxeiros, e incrementáronse os poderes da Inquisición.
- **Conflitos internacionais.** España viu complicadas as súas relacións exteriores, guerras con Francia e Gran Bretaña, o que aumentou a presión sobre a economía e a política interna.

## Deus bendiga América!

O reformismo borbónico tamén se aplicou nos territorios americanos. Ao longo do século XVIII, os monarcas da dinastía buscaron reforzar o control político e económico sobre América co obxectivo de facer máis rendible o Imperio.

Administrando o seu territorio de maneira máis eficaz e aumentar os ingresos, convertendo as colonias nunha fonte estable de riquezas, ao tempo que se aseguraban de que fose un mercado privilexiado para os produtos manufacturados españois

Puxéronse en marcha diversas medidas económicas e administrativas:

- Traslado da Casa da Contratación
- Decreto de liberdade de comercio, abrindo a distintos portos peninsulares —como Santander, Xixón, A Coruña, Málaga, Alacant ou Barcelona— ao comercio cos portos americanos.
- Reorganización do mapa político americano. Reforzar o control do territorio e facer máis eficiente a recadación de impostos.

## Que familia a de Carlos IV!

Cara a 1808, Carlos IV estaba moi desprestixiado pola influencia de Manuel Godoy e polos problemas do reino. O malestar popular era grande e o príncipe Fernando quería ocupar o trono. En marzo produciuse o Motín de Aranjuez, que obrigou o rei a abdicar no seu fillo Fernando.

Na política internacional, Carlos IV seguiu unha política de temor á extensión da Revolución cara o seu reino. España e Francia subscribiron o *Tratado de Santo Ildefonso*, que obrigaba a ambos os países a apoiarse no caso de agresións por parte doutros Estados.

Napoleón Bonaparte tiña como obxectivo derrotar a Gran Bretaña, principal potencia naval do momento. Como non podía acceder ás Illas Británicas pola súa superioridade naval, enfrontáronse na Batalla de Trafalgar en 1805 que rematou coa derrota da frota franco-española. Decretou o Bloqueo Continental o ano seguinte prohibindo aos países europeos comerciar cos británicos.

Carlos IV asinou o *Tratado de Fontainebleau* en 1807 que permitía a entrada das tropas francesas en España para invadir Portugal, principal aliado de Gran Bretaña a cambio de repartirse o territorio portugués. Napoleón aproveitou a debilidade da monarquía española, que quedara en evidencia despois do Motín de Aranjuez. Por iso chamou a Carlos IV e o seu fillo Fernando VII á cidade francesa de Baiona para resolver o conflito. Alí producíronse as Abdicacións de Baiona: os dous renunciaron ao trono de España. A cambio da renuncia á coroa de España, Carlos IV e Fernando VII recibiron pensións anuais moi elevadas, residencia e mantemento en Francia, con trato de realeza.

Napoleón colocou no trono de España o seu irmán Xosé Bonaparte. Mentres tanto en Madrid, a saída do resto da familia do Pazo Real, alarmou a poboación que o 2 de maio de 1808 se levantou para impedir que o derradeiros membros da familia foran levados á Francia. Este feito marca o inicio da **Guerra da Independencia Española**.

Durante o cativerio de Fernando VII, en España organizouse a resistencia contra os franceses, reuníronse as Cortes de Cádiz e aprobaron a **Constitución** liberal de 1812.

Á volta, Fernando VII anulou a Constitución e restaurou o absolutismo, iniciando unha etapa de represión e fortes tensións políticas entre liberais e absolutistas.

## 3. Súditos ou cidadáns?

### Era visto: as revolucións e a fin do Antigo Réxime.

O Antigo Réxime caracterizouse pola forma de goberno absolutista das monarquías. Baséase nun fráxil equilibrio no que todo o poder é exercido por un rei ou raíña, apoiado por un pequeno grupo de gobernantes -a nobreza- e por argumentos superiores que xustifican esta distribución social apoiado por outro grupo privilexiado -o clero.



No século XVIII este equilibrio rómpese, producíndose as dúas revolucións máis importantes deste século. A Revolución Industrial e a Revolución Francesa.

## A Independencia das colonias americanas

A Guerra de Independencia dos Estados Unidos é un momento capital que supón o nacemento da nación máis poderosa do planeta - polo menos ata o de agora.

### Moito descontento e un pouco de té

Inglaterra mantiña unha relación xerárquica e desigual coas trece colonias, que darán lugar aos Estados Unidos, e a metrópole. A oportunidade de expandir estes territorios cara o Oeste, fixo que as novas terras non quedaran en mans dos colonos, senón que pasaran a mans da monarquía e da nobreza inglesas.

Estes territorios estaban obrigados a pagar impostos á coroa e a contribuír a manter o exército real nas campañas fóra do territorio americano. Os representantes destas colonias formaron congresos continentais co obxectivo de presentar as súas demandas á coroa. Sentíanse cada vez máis descontentos e desvencellados con Inglaterra.

En 1773 produciuse o Motín do Té de Boston. En protesta dunha lei pola que se favorecía a Compañía Británica das Indias Orientais permitindo que pagara menos impostos, polo que vendían o té máis barato que os comerciantes locais.

### Comeza a guerra

Dende o Masacre de Boston de 1770 e o Motín do Té de 1773 os colonos enfrontáronse ao exército inglés en pequenas escaramuzas. A situación era xa insostible e sen arranxo. As trece colonias reuníronse nun congreso e encargaron a declaración de independencia a Thomas Jefferson. Esta declaración será presentada o 4 de xullo de 1776, e marcará o inicio oficial da Guerra de Independencia dos Estados Unidos.

Aínda que semella que a Guerra de Independencia Americana foi un asunto interno entre Inglaterra e unha das súas colonias, en realidade foi un conflito no que interviñeron case todas as potencias europeas do momento. As trece colonias buscaron alianzas con Francia, que perdera a Guerra dos Sete Anos e buscaba socavar o poder inglés, e España, que tiña un especial interese nos territorios americanos.

Os colonos americanos non podían opoñer unha resistencia militar organizada, polo que a organización dun exército continental foi unha das prioridades. Ao mando do exército revolucionario estaría o xeneral George Washington, que rematada a guerra será o primeiro presidente da nova nación.

Tras a fin da guerra e o recoñecemento da nova nación, por parte do rei de Inglaterra, co Tratado de París de 1783, nacían os Estados Unidos de América. As colonias eran agora estados independentes que se aliaban nun sistema federativo pero que lle permitía a cada un establecer as súas propias leis e o seu propio goberno.



O novo país estará fundado sobre dereitos fundamentais, recollidos nunha Constitución aprobada en 1787. O poder lexislativo quedaba en mans dun Congreso dos Estados Unidos formado por un Senado e unha Cámara de Representantes.

## A Revolución Francesa

A Revolución Francesa marca o fin da Idade Moderna e o inicio da Idade Contemporánea.

### A situación en Francia a mediados do século XVIII

- En Europa estaba vixente o Antigo Réxime ou as monarquías absolutas. Tratábase dun sistema piramidal no que os campesiños, traballadores, mercadores e burgueses sostiñan co seu traballo e impostos aos estamentos superiores.
- Francia viña de perder os seus territorios americanos.
- Ademais, a Ilustración cuestionou a continuidade do sistema de estamentos, así como a viabilidade do poder absoluto do rei.
- As constantes guerras, os gastos da monarquía para manter o exército e un nivel de vida extravagante, unido ás malas colleitas, precipitou as cousas no 1789.

### Unha traxedia anunciada

A finais da década dos anos 80 a situación era tan desesperada e a crise tan evidente que en 1789 o rei Luís XVI convocou os Estados Xerais, unha especie de cortes nas que, ademais da nobreza e do clero, tiña representación o Terceiro Estado. Nos Estados Xerais as votacións facíanse por estamento, non por deputado, polo que a nobreza e o clero sempre votaban en conxunto, facendo prevalecer as súas decisións.

Ante a negación do rei a estas demandas, o Terceiro Estado decide reunirse na chamada Sala do Xogo de Pelota, por separado, e declararse como Asamblea Nacional. Finalmente tanto a nobreza como o clero aceptarán as demandas e, opoñéndose ao poder absoluto do rei, a Asamblea Nacional será nomeada como Asamblea Constituínte.

O inicio oficial da Revolución foi a toma da prisión da Bastilla o 14 de xullo de 1789.

### Os primeiros anos e a Declaración dos Dereitos do Home

A Asamblea Nacional Constituínte aboliu o feudalismo e redactou un dos documentos máis importantes da Historia: a *Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán*, que rachaba co réxime anterior:

- Os homes nacen e permanecen libres e iguais en dereitos.
- A fonte da soberanía é a nación, e que ningunha persoa ou corporación poden ter autoridade se non vén da propia nación.
- A separación dos poderes: o poder executivo, lexislativo e xudicial estarán en mans de institucións separadas para evitar o absolutismo.

Vendo todas estas reformas e a perda de poder, a familia real decide fuxir de París, pero en Varennes son recoñecidos, detidos e obrigados a volver á capital.

Ese mesmo ano de 1791 promúlgase a Constitución, que o rei xura obrigado. Deste xeito a Asamblea Nacional Constituínte pasa a ser Asamblea Nacional Lexislativa.

- Unha parte dos deputados defendía o modelo de monarquía constitucional.
- Outra radical, propoñía a abolición da monarquía e a implantación dunha república.

### **1792-1793: rodan cabezas**

En setembro de 1792 proclamouse a República como forma do estado, rematando así coa monarquía. Por outra banda, a Asamblea Nacional declararoulle a guerra a Prusia e Austria, Francia estaba soa e en guerra con dúas potencias europeas.

A Asamblea decidiu xulgar a Luís XVI en decembro de 1792, e en xaneiro de 1793 foi condenado a morte e decapitado. María Antonieta foi executada o 26 de outubro do 1793.

### **1793-1794: O Terror**

A Asamblea creou un Comité de Salvación Pública e promulgou unha Lei de Sospeitosos.

Este período de execucións sumarias acabaría coa detención dos propios líderes, Danton e Robespierre, que serían finalmente guillotinado, e co asasinato de Marat, que defendeu o goberno do Terror, por parte de Charlotte Corday.

### **Buscando a "estabilidade": o golpe de estado do 18 do brumario.**

Despois do período do Terror e da execución dos seus líderes, estableceuse un período de República conservadora, xerando unha situación política e social moi complicada.

En 1795 a nova Constitución separa o goberno en dúas cámaras: o Consello de Anciáns e o Consello dos Cincocentos. O poder executivo quedaba en mans dun Directorio de cinco membros elixidos entre aqueles deputados

Durante este período destacará Napoleón Bonaparte, que co apoio do exército, dará un golpe de estado en 1799, comezando así o Consulado, marcando o final da Revolución.

### **1799-1804: Un momentáneo de paz**

Napoleón instaurou un Consulado, rematando así co Directorio. O novo sistema compoñíase ademais por un Senado vitalicio e un Tribunado, con membros electos.

O Consulado estaba formado por tres cónsules, destacando o Primeiro Cónsul, con poder real, mentres que os outros dous eran simbólicos. Napoleón, nomeouse primeiro cónsul.

### **O Imperio**

En 1804 Napoleón, decidiu coroarse emperador, converténdose en todo aquilo contra o que loitaran os revolucionarios. A coroación imperial de Napoleón tivo lugar na catedral de Notre Dame de París o 2 de decembro de 1804, en presenza do papa Pío VII.

Comeza o Imperio napoleónico. Francia volverá aos constantes enfrontamentos militares co resto das potencias europeas, anexionando territorios e reinos que Napoleón distribúe entre os seus familiares e colaboradores: o seu irmán Xosé será rei de España, o seu irmán Luís rei de Holanda, o seu fillo Napoleón será proclamado Rei de Roma ao nacer...

En 1812 case toda Europa estaba baixo o dominio de Napoleón, incluída España.

## Como cambiou o mundo despois destas Revolucións?

### Bravo polos Dereitos do Home, pero... e os da muller?

Nunha poboación coma a de París e a de Francia en xeral as mulleres xogaron un papel importante na Revolución Francesa. **Olympe de Gouges** redactou en 1791 unha *Declaración dos dereitos da Muller e da Cidadá* baseada na Declaración de 1789. Tamén estaba formada por un preámbulo e 17 artigos, nos que recolle moitos dos dereitos xa promulgados para os homes, pero dándolle unha visión feminina e reivindicando o papel da muller na sociedade.

### "O Estado son eu!" Seguro?

En 1655, cando os Estados Xerais mostraron o seu desacordo cos edictos reais, o rei Luís XVI respondeu dicindo "O Estado son eu!" Resumía así o que é o absolutismo, unindo na súa persoa a capacidade para decidir, legislar e executar as leis, o control do exército e a administración da xustiza.

Un dos principais puntos da *Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán* é a denominación de "cidadáns" (e cidadás) para as persoas que compoñen a nación.

O modelo da Roma republicana inspirou aos dirixentes dos Estados Unidos e aos revolucionarios franceses para redactar as súas constitucións. Nelas, a soberanía pertence á nación, é dicir, ao conxunto da poboación, que participa no goberno a través dun sistema electoral democrático.

### A terra dos homes libres e valentes. Pero non todos igual de libres

A Declaración de Independencia afirma que todas as persoas nacen iguais e teñen dereitos inalienables, como a vida, a liberdade e a procura da felicidade. Con todo, no século XVIII había escravitude e mesmo algúns dos seus líderes eran propietarios de escravos. Esta non foi abolida ata o século XIX, tras a guerra entre o norte e o sur.

## 4. Chega a industrialización?

### A todo vapor!

A Revolución Industrial xorde no norte e centro de Inglaterra, cara a mediados do século XVIII, ante as necesidades militares e imperialistas do país. Á expansión británica vaise unir ás melloras na agricultura, no sector metalúrxico, no téxtil, etc. Trátase dunha fase **revolucionaria, tecnolóxica, transformadora, económica e social**.

Dende as illas británicas, a industrialización vaise estender pola Europa occidental-continental, EUA e Xapón.

### Cales foron os piares desta revolucionaria transformación?

#### *Un lugar de traballo chamado fábrica*

O sistema fabril substituíu aos obradoiros manuais, transformaron a produción artesanal en industrial, atraendo cara ás cidades a obreiros e máquinas.

As fábricas construíanse preto de ríos (para producir enerxía hidráulica), dos xacementos de carbón e nas proximidades dos centros urbanos, que lles proporcionaban man de obra e vías de comunicación para o traslado dos seus produtos. Eran grandes edificios insalubres, escuros, inseguros, cheos de máquinas que se movían con enerxía.

#### *O cabalo de ferro e vapor: o ferrocarril*

Na súa orixe o transporte polas vías de ferro limitábase ao transporte de vagonetas no interior das minas.

A mediados do século XVIII, coa aparición da **máquina de vapor**, procuráronse aplicacións ao mundo do transporte. Foi o enxeñeiro británico **George Stephenson** o que perfeccionou a locomotora de vapor e construíu a primeira liña férrea do século XIX, que uniu as cidades industriais de **Manchester e Liverpool**. Nacía así un novo medio de transporte que permitía percorrer longas distancias, transportando maior carga e persoas, que nos transportes terrestres existentes ata o momento e en menos tempo.

A construción do ferrocarril recibiu fortes investimentos que permitiron o seu rápido desenvolvemento en Inglaterra, Francia, Alemaña ou Bélxica.

#### *Chega a mobilidade social!*

A nova industria transforma a sociedade estamental nunha sociedade de clases. A posición social defínese pola riqueza, os ingresos, as propiedades e non polo nacemento.

Aparecen agora a **burguesía industrial** (clase poderosa, propietaria das fábricas, dos bancos e dos medios de produción) e o **proletariado industrial** (man de obra, obreiros que traballaban longas xornadas a cambio de baixos salarios, en condicións moi duras e inseguras e que vivían en barrios insalubres). Os obreiros loitarán polos seus dereitos asociándose, manifestándose ou participando en folgas.

## A Revolución Industrial británica, o modelo

Falar de Revolución industrial é falar de Gran Bretaña e Irlanda e de tres sistemas produtivos: a **industria siderúrxica**, a **industria téxtil** e da **enerxía do vapor**. Nas illas británicas déronse as condicións precisas para o desenvolvemento do sistema industrial. Os factores do cambio foron:

- **A insularidade das illas** que as illaba dos conflitos da Europa continental e proporcionáballe moitos portos para comercio.
- **O crecemento demográfico**: A poboación das illas aumenta no século XVIII, grazas o descenso da mortalidade e unha mellor alimentación.
- **O sistema político inglés** era unha monarquía liberal estable que se mantivo á marxe das revolucións liberais do resto de Europa.
- **Abundancia de materias primas**: carbón mineral e mineral de ferro. O país está cheo de ríos navegables e canles que facilitaban o transporte.
- A chegada ao país de **materias primas ou man de obra**, procedentes do **comercio intercontinental**: algodón, tabaco, té ou escravos.
- O **desenvolvemento tecnolóxico** transformou a produción artesanal en industrial, aumentando a produtividade e a mecanización do traballo.

## A demografía modernízase

A poboación europea viviu un período de crecemento continuo, pasando dos 100 ou 130 millóns de habitantes a comezos do século para acadar os 190 millóns cara a 1800.

As súas principais características foron:

- Un importante **aumento da poboación** ao reducirse a mortalidade e manterse a natalidade. As parellas casaban antes e tiñan máis fillos que na era preindustrial. Outros factores favorables foron: mellora a dieta, diminúe a bandidaxe, os transportes e as melloras sanitarias, médicas ou hixiénicas. O aumento da poboación foi máis perceptible nas cidades industriais (Liverpool, Manchester,...)
- Entre os anos 1760 e 1840 vaise producir unha forte **emigración**, do campo ás cidades industriais, a causa da mecanización do campo e os cerramentos. O campesiñado, ante a falta de traballo, migraba ás cidades na procura de traballo.

## O campo tamén se revoluciona!

A crecente demanda de alimentos provocará a suba de prezos e levará a investir na agricultura para aumentar a produción que cubra as necesidades de toda a poboación.

As parcelas do rural son pechadas cun valado (**enclosures**), pasando a ser propiedade particular. O campesiñado usa fertilizantes, **maquinaria** (sementadoras, arados de ferro, o cabalo como animal de tiro,...) e cultivan nunha rotación cuadrienal (**sistema Norfolk**) que permite introducir plantas forraxeiras para alimento do gando.

Unha das claves para o éxito da Revolución en Inglaterra foi o desenvolvemento do comercio, permitindo os intercambios entre o campo e a cidade. Os excedentes agrícolas chegaban aos mercados das cidades, mentres que estas enviaban produtos industriais.

### A revolución dos transportes. Pasaxeiros ao tren!

O desenvolvemento do **comercio** foi posible grazas ao **avance dos transportes**. Ata o século XVIII o transporte de mercadorías realizábase en carros tirados por cabalos, que circulaban por estradas intransitables en épocas de chuva. Para o traslado das materias primas e as novas mercadorías, procedentes das industrias, era necesario un transporte con maior capacidade, máis barato e máis rápido. Os enxeñeiros centraron os seus esforzos na construción de canles, na mellora das estradas e na aplicación da máquina de vapor aos transportes.

### Construción de canais

Para dar solución á necesidade de mellorar o transporte, en Inglaterra construíronse miles de millas de canles que interconectaron os seus ríos, nos que un só cabalo podía arrastrar, polas augas da canle, ata 30 toneladas de mineral de ferro ou carbón mineral.

### Chegan as peaxes ás estradas!

No século XVIII, as estradas inglesas eran intransitables en moitas épocas do ano ao ser de terra. O estado tiña que investir na súa mellora, ante as necesidades da nova industria. Para solucionar o problema, o Parlamento Británico creou os "**Turnpike trusts**", cedendo o control a concesionarias que se comprometían ao seu mantemento a cambio de cobrar por circular por elas a cabalarías, persoas, gando ou dilixencias a cabalo.

### O motor da revolución: o vapor

A invención da máquina de vapor e a súa aplicación aos transportes (barco e ferrocarril) revolucionou a mobilidade terrestre dos europeos nesta primeira fase da revolución.

A outra aplicación da máquina de vapor aos transportes foron os barcos de vapor que, no ano 1830, foron construídos con cascos de ferro e propulsados por hélices.

### Novas industrias para novos tempos

No Antigo Réxime as principais actividades económicas eran a agricultura e a artesanía, cunha escasa mecanización e a case inexistente división no traballo.

Podían distinguirse varios tipos de industria: A **industria artesanal** nas cidades (actividades gremiais); a **industria doméstica rural** (o comerciante entregaba aos campesiños a materia prima para a elaboración, nas súas casas, as pezas téxtiles) e as **Manufacturas reais ou Reais Fábricas** (Produtos para abastecer os pazos reais).

Coa revolución industrial xorden cambios na produción industrial:

|                            |                                                                                                                                  |
|----------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Materias Primas</b>     | Mineral de ferro, algodón e madeira para a construción naval.                                                                    |
| <b>Fontes de enerxía</b>   | Carbón mineral (coque: hulla e antracita) e a enerxía hidráulica.                                                                |
| <b>Máquinas</b>            | Máquinas agrícolas, de fiar e tecer, altos fornos.                                                                               |
| <b>Tipos de industrias</b> | Industria téxtil (do algodón) e industria siderúrxica (uso do coque, do pudelado e o convertedor Bessemer (para fabricar aceiro) |
| <b>Protagonistas</b>       | A burguesía industrial e os obreiros (o proletariado)                                                                            |
| <b>Transportes</b>         | O ferrocarril e o barco de vapor                                                                                                 |
| <b>Sistema económico</b>   | Capitalismo industrial                                                                                                           |

### Sociedade: o mundo capitalista

Coa industrialización, iniciada a mediados do século XVIII, aparece unha **sociedade de clases**, baseada na mobilidade, na riqueza e no mérito.

Esta nova sociedade caracterizouse pola división entre os **burgueses**, donos do capital e das fábricas, fronte ao **proletariado**, obreiros asalariados. Un sistema capitalista unido aos movementos obreiros en loita en contra da desigualdade e a urbanización.

A primeira fase da Revolución industrial abre o mundo á "**era das máquinas**", favorecendo a explotación laboral de mulleres e nenos nas fábricas téxtiles, a cambio de salarios moi inferiores aos dos homes e ocupando traballos de inferior calidade, en condicións insalubres e perigosas. As xornadas eran de 12 ou 15 horas.



“Resumo de contidos: Revolución! Noticias dun novo mundo”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)